GONZALO LOUZAO DONO (1 para 1)
ALCALDE
Data de Sinatura: 15/12/2025
HASH: 2b79b5e4241f2597afc9905088b0239e

Na Estrada, o día 12 de decembro de 2025, reunidos D. Gonzalo Louzao Dono, DNI ***917** -A alcalde-presidente do Concello da Estrada, con CIF P-3601700B e José Manuel Besteiro con DNI N.º ***027* en representación do Centro Cultural del Partido A Estrada en Buenos Aires" con CUIT 30684067474.

MANIFESTAN:

Que a asociación sen ánimo de lucro "Centro cultural del Partido A Estrada en Buenos Aires nace como resultado da fusión levada a cabo entre a Unión Estradense e a Federación Agraria da Estrada, o 23 de outubro de 1943 co obxectivo de unificar esforzos, ideais e traballos a prol dos estradenses residentes na Arxentina.

Que a asociación sen ánimo de lucro "Centro cultural del Partido A Estrada en Buenos Aires " ostenta a única representación do colectivo estradense en toda a república arxentina, con especial incidencia e atención na colectividade emigrante nese país.

Que a dita sociedade programa actividades educativas, gastronómicas e culturais relacionadas coa divulgación do folclore tradional galego a través do coro da asociación "Airiños da Nosa Terra" e celebra distintos eventos con gastronomía galega que festexan datas sinaladas como o Día de San Paio, o Día das Letras Galegas, o Día de Galicia, Festa das Dores, Festa do Salmón, Milagros de Requián ou o aniversario dos seus socios.

Que o Concello da Estrada manifesta o seu interese en realizar un programa de apoio ao "Centro cultural del Partido A Estrada en Buenos Aires", co fin de colaborar nas distintas actividades culturais organizadas pola entidade.

Por iso, e coa capacidade legal de cada unha das partes recollida na normativa vixente,

Cod. Validación: 6FMLT9XQE7WTXYCLJSM2HGETN
Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

ACORDAN:

O presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira.- O obxecto deste convenio é formalizar e articular a colaboración entre o Concello da Estrada, a través da Concellería de Cultura e o Centro Cultural del Partido A Estrada en Buenos Aires" como axuda aos gastos propios de actividades culturais desenvolvidas pola Asociación Centro cultural Partido A Estrada en Buenos Aires durante o ano 2025.

Segunda.-O Concello da Estrada, realizará unha achega económica de 1.500,00 € a través da subvención consignada a nome do Centro Cultural del Partido A Estrada en Buenos Aires na aplicación 231.0.489.01 do orzamento municipal en vigor para o cumprimento dos fins deste convenio.

Esta axuda é compatible con calquera outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para unha mesma finalidade, procedentes de calquera fóra da administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Terceira.- Esta achega ten carácter pospagable. A asociación beneficiaria queda suxeita á obriga de xustificar a subvención nos termos e condicións establecidos no apartado IX da base 53ª de execución orzamentaria.

En todo caso, antes do 15 de decembro de 2025, deberá presentarse a seguinte documentación:

- Memoria descritiva e cuantificada das actividades desenvolvidas, segundo o modelo oficial, onde se detalle: (a) o resumo das accións levadas a cabo, (b) as facturas dos gastos realizados, e (c) a procedencia dos ingresos obtidos.

- Declaración xurada conforme se realizou o fin para o que a subvención foi concedida.

- Declaración da non percepción, ou percepción, se é o caso (detallando importes) doutras axudas públicas para as actividades subvencionadas.

-Facturas orixinais, ou copias debidamente cotexadas, dos gastos realizados, xunto aos comprobantes dos respectivos pagamentos mediante transferencia bancaria.

Cuarta.- O pagamento da subvención que se instrumentaliza a través do presente Convenio se realizará unha vez os beneficiarios da subvención xustifiquen o destino dos fondos percibidos e que estes foron adicados á finalidade para a que lle foi concedida a subvención.

O pagamento da subvención efectuarase mediante o ingreso na conta bancaria sinalada para o efecto polo beneficiario, e terá lugar antes do 31 de decembro de 2025.

Quinta.- A Asociación Centro cultural del Partido A Estrada en Buenos Aires comprométese a destinar esta cantidade a financiar as actividades arriba mencionadas, obxecto de subvención.

Concello da Estrada

D. Gonzalo Louzao Dono

Asoc. Centro Cultural Partido
A Estrada en Bos Aires

D. José Manuel Besteiro
Centro Cultural del Partido de La Estrada
Mexico 2849 - Buenos Aires - Argentina

D. José Manuel Besteiro
Presidente

Cod. Validación: 6FMLT9XQE7WTXYCLJSM2HGETN
Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2